



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACION BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DOUS PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2025

**EXPEDIENTE:**2025/G003/000095

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Vista as bases reguladoras do Programa PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local da Deputación da Coruña, publicada no BOP núm. 200 do 16/10/2024.

Vista a subvención concedida a este concello pola Deputación Provincial da Coruña pola Resolución núm 2025/3600, do 28 de xaneiro, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2025 (PEL-CONCELLOS 2025), publicada no BOP nº 22 do 03/02/2025.

Visto o informe de secretaría - intervención de data 11 de marzo de 2025.

Considerando que a presente contratación está xustificada no funcionamento básico dos servizos de mantemento municipais aos efectos da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS PEÓNS que se transcriben como anexo ó presente decreto.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 1531.34.13100, 1531.34.16000, 1531.34.23300 e 1531.34.22606 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Publicar a convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, e o texto íntegro das bases e da súa convocatoria na páxina web municipal e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

**CUARTO.-** Dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

En Concello de Mesía, mércores 12 de marzo de 2025

O Alcalde /Presidente. Mariano Iglesias Castro



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

## BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MESÍA (PEL CONCELLOS 2025)

### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de DOUS PEÓNS para o Concello de Mesía, en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de acordo co Real Decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, e conforme ás bases do Programa PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia (BOP nº 200 do 16/10/2024) da Deputación da Coruña. A xornada de traballo é de 40 horas á semana e o salario é de 1.323,00 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

### SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A.

Os/as aspirantes seleccionados no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo, tendo o contrato unha duración máxima de sete meses e debendo finalizar o 31.12.2025.

As funcións propias do posto son o mantemento dos viarios municipais mediante a limpeza, bacheo e outras reparacións varias, incluída así a pavimentación de vías públicas. Ademais a realización de traballos nos accesos aos núcleos de poboación nos que se incluírán o desbroce e limpeza dos parques e prazas públicas do concello, entre outras.

### TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Inserirase un anuncio da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia e o texto íntegro destas bases e da súa convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do municipal [www.concellodemesia.gal](http://www.concellodemesia.gal).

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emprazamentos deles, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

### CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- 2.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3.- Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- 4.- Encontrarse nalgunha das seguintes situacións de exclusión social:
  - a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

dos homes.

- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración: aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas en fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar. 5.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opte. Acreditarase, por parte dos traballadores que sexan finalmente seleccionados antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

6.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

7.- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

8.- Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, realizarase unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nulo o nomeamento dos/as que estean incurso/as en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

## QUINTA.- SOLICITUDES.

As/os interesadas/os deberán presentar a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases acompañada da seguinte documentación:

- DNI.
- Tarxeta ou informe acreditativo de que están inscritas como demandantes de emprego, debidamente actualizados.
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta da presente convocatoria (Anexo II).
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, se é o caso, tal como se sinala na base oitava.
- Título do Celga 1, se é o caso.
- Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos relacionados no punto 4 da base cuarta, que se realizará conforme se indica a continuación:
  - a) Muller e persoas maiores de 45 anos: DNI.
  - b) Persoas desempregadas de longa duración: Informe de vida laboral actualizado.



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

- c) Persoas con discapacidade: Certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
- d) Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar, vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou compulsada se o considera oportuno.

En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento da persoa candidata comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou compulsada dela.

A presentación da solicitude coa documentación farase no Rexistro Xeral do Concello (Xanceda, s/n, 15685, Mesía) en horario de 8:00h a 15:00h, de luns a venres, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de oito días naturais, contados dende o seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, e dada a urxencia da contratación, as/os aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro Xeral do Concello deberán remitir un fax, ao número 981687069, dando aviso da presentación de instancia, presentando xustificación da solicitude e copia escanada do contido da solicitude ao correo electrónico correo@concellodemesia.gal ou ben por fax ao número 981687069. Se non cumpren con este requisitos non serán admitidas as solicitudes presentadas ao concello máis tarde do prazo previsto.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

Se, en calquera momento do proceso selectivo, se constata que o/a aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá á súa exclusión do proceso selectivo.

### SEXTA.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS.

Serán admitidas todas aquelas persoas candidatas que presentes os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba práctica, poderá habilitarse un período para a emenda se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

Publicarase no taboleiro de anuncios do concello e complementariamente na sede electrónica do



## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

concello a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas e se anunciará o lugar, día e hora no que terá lugar a proba ou exercicio práctico que deberán realizar todas as persoas concursantes admitidas e que terá carácter eliminatorio.

A valoración de méritos dos/as candidatos/as presentados/as nos apartados de experiencia e formación, realizarase con posterioridade á realización da proba ou exercicio práctico.

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todos/as os/as candidatos/as que a superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior publicarase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polos/as candidatos/as que superaron o exercicio práctico.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento do galego que se esixa, os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto que o exercicio práctico, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

### SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará composto por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

A composición do tribunal cualificador darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos.

### OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección efectuarase polo sistema de concurso - oposición.

1- Fase de concurso: Puntuación máxima: ata 1 punto.

Nesta fase valorarase como méritos:

-Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas.

Concederase 0,50 puntos por programa xustificado ata un máximo de 1 punto.



## CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

2- Fase oposición. Puntuación máxima: ata 10 puntos. Puntuación mínima: 5 puntos.

Consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, propostas polo Tribunal cualificador. Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución. Durante a realización da proba práctica o Tribunal poderá formular as preguntas que considere oportunas para unha mellor valoración das capacidades do/a aspirante. Os/As aspirantes que non obteñan a puntuación mínima establecida na fase oposición (5 puntos), quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición. En caso de persistir o empate, resolverase a favor do/a que teña maior antigüidade como desempregado/a.

Para a xustificación dos méritos, coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- A acreditación da realización de programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas realizarase mediante a presentación do certificado da Administración Pública no que se indique o programa realizado que habilita para a obtención do certificado de profesionalidade correspondente ou título acreditativo de ter rematado con éxito o programa.

### NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. LISTA DE RESERVA.

O tribunal propondrá á alcaldía o nomeamento dos/das dous/dúas aspirantes que obtiveran a maior puntuación no conxunto do proceso selectivo, segundo o establecido na base anterior.

Na acta da selección, incluírase como lista de reserva, a relación, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, dos/as aspirantes non propostos, para os casos de que os/as aspirantes propostos/as rexeiten a oferta de emprego ou cesen no posto por outra circunstancia.

### DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os/As aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro do Concello a partir da publicación dos/as aspirantes propostos para a contratación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello ([www.concellodemesia.gal](http://www.concellodemesia.gal)), os documentos seguintes:

- a) Orixinal do Documento Nacional de Identidade.
- b) Informe médico oficial actualizado -polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses contados dende a data de resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a- no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- c) Documentación orixinal acreditativa de encontrarse nunha das situacións de exclusión social.
- d) Documentación orixinal acreditativa dos méritos alegados, no seu caso.
- e) Documento orixinal da titulación Celga 1, de ser o caso.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol do seguinte aspirante segundo á orde de puntuación obtida.

## UNDÉCIMA.- RECURSOS.

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

## DUODÉCIMA.- ANEXOS.

### “ANEXO I.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS.

D./D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en ..... C.P. ...., teléfono .....

## EXPÓN:

- Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de DOUS PEÓNS para a cuadrilla de obras e servizos municipais conforme á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña abeiro do Programa PEL-CONCELLOS 2025 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia (publicado no BOP nº 200 do 16/10/2024), de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 12 de marzo de 2025.
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.
- Que autorizo ó Concello de Mesía para recadar o informe do Servizo Público de Emprego requirido para a xustificación da condición de parado de longa duración no momento da formalización do contrato.

## Documentación que achega (marcar cunha X):

- DNI
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta da



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2025/G003/000095

presente convocatoria (Anexo II).

- Documentación acreditativa dos méritos alegados, se é o caso, tal como se sinala na base oitava. Indicar cal/cales.....
- Título do Celga 1, se é o caso.
- Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos relacionados no punto 4 da base cuarta. Indicar cal:.....

Polo exposto, SOLICITA, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ao que se refire a presente instancia.

En.....a.....de .....de 2025.

Asdo:

ATT. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MESÍA.”

## “ANEXO II: DECLARACIÓN PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DOUS PEÓNS

D./D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en ....., C.P. ...., teléfono ..... aos efectos de participar no procedemento de selección de persoal laboral temporal de dous peóns, de acordo coas bases da convocatoria, declara baixo xuramento:

1. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
2. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
3. Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

E para que así conste, asino a presente en .....a ..... de ..... de 2025

Asdo:”